

AVISO

TOMA DE POSESIÓN PROVISIONAL DAS FINCAS RESULTANTES DO PROCESO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE CASTELAUS (CALVOS DE RANDIN-OURENSE)

En cumprimento do disposto polo artigo 37 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, notifícolle que a Directora Xeral de Desenvolvemento Rural resolveu dar a **TOMA DE POSESIÓN** provisional das fincas resultantes do proceso de concentración parcelaria da zona de SAN TOMÉ (CARTELLE-OURENSE), na que figura vostede como propietario.

A data para a toma de posesión das novas fincas é o **1 de febreiro de 2023**. No caso de que existan colleitas pendentes de recoller nas parcelas antigas de labradío, ou arborado en parcelas que non estean clasificadas como monte alto, poderán ser retiradas antes do **1 de agosto de 2023**.

Para o caso que se pretenda retirar arborado, deberá contarse co preceptivo permiso do Servizo de Montes, e xestionándose o aproveitamento con suxeición ao establecido no Decreto 50/2014, do 10 de abril e na Orde do 20 de abril de 2018 que modifica os seus anexos II, III e VI.

No prazo de **dous meses** contados a partir do seguinte á data establecida para a posta a disposición dos predios, poderá reclamar por defecto de superficie nas fincas a vostede atribuídas, xuntando unha medición pericial asinada por técnico competente, sobre diferenzas de superficie superiores ás marxes de tolerancia admitidos, conforme ao disposto no antedito artigo 37. As persoas propietarias das parcelas de achega deben permitir aos titulares das novas fincas o acceso ás mesmas para proceder á medición destas, caso de ser necesario.

Debe terse en conta que:

1. A falta de superficie dunha finca non será compensada cando un exceso de superficie, no conxunto dos predios atribuídos, sexa suficiente para compensar, en valor, o conxunto das atribucións.
2. Non se admitirá reclamación no caso de que a finca obxecto da mesma coincida exactamente, na súa delimitación cartográfica, coa parcela achegada polo mesmo titular.
3. Impedir ou obstaculizar a toma de posesión é considerada unha infracción moi grave (artigo 90 da Lei 4/2015) sancionada con multa de 1.501 a 6.000 euros.





4. Sen prexuízo do indicado no punto anterior, a toma de posesión poderá darse, previo apercebimento, mediante compulsión directa sobre a/s persoa/s que a impidan.

5. No buscador da páxina Web da Consellería de Medio Rural, encontrase:

- Apartado Procesos: Planos do acordo de concentración.
- Apartado Publicacións: Plano provisional dos marcos.

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentracion-parcelarias-Ourense>

Ourense, na data da sinatura electrónica
O xefe territorial

Luis Jorge Álvarez Ferro

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS
XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Florentino L. Cuevillas, 4-6 baixo
32071 Ourense
Teléf.: +34 988 386 489
infraestructuras.rural.ourense@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

